



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria Consello Consultivo

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	21
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/02/2026 - 09:00h ao 11/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Valoración

Para os efectos do establecido na Resolución do INAP do 25 de xaneiro de 2022 (BOE núm. 26, do 31 de xaneiro de 2022), pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración de cursos de formación e perfeccionamento a efectos do baremo de méritos xerais do persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,40 puntos.

Para os efectos do establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro (DOG núm. 52, do 16 de marzo, e corrección DOG núm. 77, do 22 de abril) sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,30 puntos.

Este taller ten como obxectivo a formación práctica en materia de redacción de todo tipo de disposicións normativas, é dicir, Decretos, Ordes, Ordenanzas, Regulamentos, etc... A materia presenta especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que participe na elaboración deste tipo de disposicións.

A formación será exclusivamente práctica, e consistirá no seguimento do procedemento de elaboración de normas e a corrección de supostos reais.

O coñecemento desta materia redunda no mellor exercicio profesional da súa función, de xeito que a materia presenta múltiples dimensións e na medida en que absolutamente todos os servizos públicos.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia, da Administración Pública Autonómica galega e das entidades públicas instrumentais do artigo 45.a) da LOFAXGA.

Preferentemente: empregados públicos dos subgrupos A1 e A2 e equivalentes, así como habilitados nacionais.

PROGRAMA

1. O Consello Consultivo de Galicia. Organización, funcionamento, e réxime xurídico.
2. A titularidade da potestade regulamentaria. A reserva de lei.
3. Procedemento de elaboración de regulamentos autonómicos
4. O procedemento de elaboración de ordenanzas municipais.
5. Directrices de técnica normativa I.
6. Directrices de técnica normativa II.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Crerios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 01/06/2026 a 22/06/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 26/06/2026 ás 17:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.